

**ACORDO do 24 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Lamas de Feás, situado nos concellos de Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín, na provincia de Ourense (expediente IN661A 2011/05-3 AT). DOG Núm. 74, de 19 de abril de 2022. **Fin prazo para alegacións: ata o 02/06/2022.****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220419/AnuncioG0596-250322-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220419/AnuncioG0596-250322-0001_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Lamas de Feás	Greenalia Wind Power Lamas, S.L.U.; CIF: B-70518832	Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín (Ourense)	<p>– 7 aerogeradores modelo SG-145 de 5 MW de potencia unitaria do fabricante Siemens, cunha altura de buxa de 127,5 m, diámetro de rotor de 145 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia góndola dos aerogeradores, con potencia unitaria de 6.000 kVA e relación de transformación de 30/0,720 kV. O aerogerador AE 01 está limitado a unha potencia de 3 MW.</p> <p>– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, interconectada entre os centros de transformación dos aerogeradores e a subestación receptora do parque eólico (SET), composta por catro circuítos con condutores tipo RHZ1-OL 18/30 kV de sección variable: de 240 mm<sup>2</sup> o circuíto 1 para a interconexión do aerogerador AE 01 e do aerogerador AE 02 coa SET, de 240 mm<sup>2</sup> o circuíto 2 para a interconexión do aerogerador AE 03 coa SET, de 630 mm<sup>2</sup> o circuíto 3 para a interconexión dos aerogeradores AE 07, AE 04 e AE 05 coa SET, 240 mm<sup>2</sup> o circuíto 4 para a interconexión do aerogerador AE 06 coa SET.</p> <p>– Centro de seccionamento e control do parque cos seguintes elementos: unha posición de medida, unha posición de protección xeral e catro posicións de liña para a conexión dos aerogeradores. Todo iso co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección.</p> <p>– Subestación PE Lamas de Feás 30/132 kV, está composta por:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• En 30 kV celas de interior en configuración de simple barra: unha posición de protección do transformador do parque eólico; unha posición de transformador, con transformador de SS AA; unha posición de medida e dúas posicións de liña, unha de reserva (PE Lamas de Feás II) e outra para a conexión da liña do PE Lamas de Feás.</li> <li>• Parque a nivel de 132 kV en intemperie con aparelaxe convencional e os seguintes elementos: embarrado, unha posición de liña máis unha de transformador, cos equipamentos necesarios de protección e medida; e un transformador de potencia de 50/60 MVA ONAN/ONAF e relación de transformación 132/30 kV, con regulación en carga JANSEN +/-10 %.</li> </ul>

Documentación que se somete a información pública:

1. O proxecto de execución (visado o 14.12.2021).

2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA-marzo 2022), que figura no anexo a este acordo.

3. O estudo de impacto ambiental (EIA) (febreiro de 2021).

4. O proxecto de interese autonómico (visado o 14.12.2021).